

5. PORTO DO SON A vila adoptiva de Alberte Pagán, autor de *Tanyaradzwa*.

do formato televisivo. Estaríamos a falar de títulos coma *Carcamáns* (2003), *Historia dunha parroquia* (2007), *O premio da rubia* (2008) ou a citada *A fábrica* (2008). Este corpo de traballos son o resultado dunha evolución coherente coa traxectoria inicial do cineasta arousán, formado primeiro coma xornalista e reconvertido despois en guionista de televisión.

Paralelamente, o binomio formado por *Pensando en Soledad* e *J.E.D.N.* (2006) constituiría unha sorte de prelude dun periplo futuro, incerto e deambulante; un azaroso salto ao baleiro que emerxería en *Aarón* e culminaría en *La Brecha*, logo de internarse no terreo da animación en *Radiografía* e *Manuscritos Pompeianos* (2010).

Celebro a ousadía de Nine naquela ruptura decisiva, que determinou a súa mutación dende un certo canonicismo televisivo ata a máis estimulante experimentación audiovisual, aventurándose ao mesmo tempo na produción cinematográfica e mesmo na xestión cultural. No momento presente, sinto unha grande expectación por comprobar a natureza do que está por vir, xa sexan os seus devires *Na procura da besta* ou as súas cavilacións respecto d'*A viaxe de Leslie*. Pregúntome que Nine nos ten preparado Nine. §

5. A CORUÑA/SANTIAGO—PORTO DO SON
Xan Gómez Viñas
e Pablo Cayuela
 e Alberto Pagán

PROSOPAGNOSIA: DO GREGO πρόσωπον (aspecto) e de ἀγνωσία (descoñecemento). Incapacidade de recoñecer os rostros, rebota o Google. Quen o diría de quen identificou a Jonas Mekas na sexta hora de *Empire*, reflectido no vidro do rañaceos. «Levaba sombreiro». Vénche de aí a querenza polos *screen tests*? O retrato é un antídoto, por suposto, pero non sabemos contra que. Por se acaso, convertiches a túa canle de Vimeo nun *cinématon* caseiro para amigas e familiares. Un gato, de cando en cando, e unha caveira, bonita ironía.



Xan Gómez Viñas e Pablo Cayuela
 Membros do Cineclube de Compostela, realizaron xuntos o filme documental *Fóra*.

É unha cuestión de paciencia, de non limitar a dez segundos o que un rostro alleo pode dicir de nós. A *Tanyaradzwa*, por caso, só a vimos unha vez —no Cineclube, aí polo 2009— pero se cadra por iso quixemos máis tarde imprimir o seu rostro nun cento de boletos que nunca chegaron a existir. O desexo fetichista de recoñecermonos nunha imaxe ou o desexo de revivila (a ela e a nós mirándoa)? Nunca nos aprenderon como é que un ateo ten que mirar unha imaxe.

En calquera caso, Ramiro escribiu logo que mentres ti tentabas un filme de Andy Warhol, Tanya acomodábase á cámara ao xeito dunha Odette Robert en *Numéro Zéro*, de Jean Eustache. Respondeches, dalgún xeito: «O cinema que me gusta ver non é o que me gusta facer. Eu quería facer cinema máis directamente experimental, que prescindise da realidade e da política, pero logo non me sae, non son quen de prescindir das historias humanas e políticas que hai detrás de cada cousa». Dous desexos turrando dun plano, como quen tensa unha corda. Non é iso un retrato? §